

ANUNCIOS VOLUNTARIADO MUNICIPAL

Voluntariado social, educativo e cultural

Departamento: Concellería de Xuventude

Programa: Escola Municipal de Debuxo e Pintura.

Acción de acompañamento na Escola Municipal de Debuxo e Pintura. Nesta actividade educativa e de lecer participan nenos e nenas de 5 a 11 anos. Coa programación da actividade tratamos de introducir movementos artísticos a través da imitación de estilos nas creacións do alumnado para que coñezan movementos artísticos de todas as épocas, ata a contemporaneidade, adaptados sempre ás súas capacidades e intereses. Si che interesa adquirir novas experiencias anúmate a participar como voluntario/a nesta actividade creativa, experimental e de dinamización da xente nova. Píde máis información na OMIX e Faite voluntario/a!

Requisitos: *interese polas artes plásticas e gañas de colaborar nunha actividade de educación non formal cun grupo infantil – xuvenil. Preferentemente mozos e mozas entre os 16 a 35 anos.*

Número de prazas: 1

Máis información e inscricións como voluntario/a: na OMIX, Centro Multiusos. R/ Peirao, 8 – 36690 Arcade Concello de Soutomaior. Teléfono: 986700822, omix@soutomaior.com

Voluntariado cultural

Departamento: Concellería de Cultura. Biblioteca Municipal (Arcade)

Programa: varios

Si tes inquedanzas culturais e sempre che gustou estar rodeado/a de libros e de información ofrecémosche a posibilidade de colaborar nas actividades que organiza a Biblioteca Municipal que che proporcionarán moitas experiencias persoais enriquecedoras a través do contacto con outras persoas e do contacto coa cultura.

Requisitos: *gusto pola cultura e gañas de colaborar.*

Número de prazas: *en función das posibilidades do servizo.*

Máis información sobre a biblioteca e as súas actividades: Biblioteca Municipal. Teléfono: 986 700 291 biblioteca@soutomaior.com

Inscríbete como voluntario/a: na OMIX, Centro Multiusos. R/ Peirao, 8 – 36690 Arcade Concello de Soutomaior. Teléfono: 986700822, omix@soutomaior.com

Voluntariado lúdico e cultural

Departamento: Concellería de Xuventude

Programa: Entroido 2014

Colaboración na programación de Entroido que engloba diversas actividades lúdicas e de lecer e tempo libre así como de participación e dinamización social. Si che gusta estar en contacto con outras persoas e aprender novas cousas así como adquirir unha experiencias formativa no eido do tempo libre podes facelo colaborando neste programa. Pide máis información na OMIX e Faite voluntario/a!

Requisitos: *interese pola cultura, animación e participación cidadá.*

Número de prazas: *sen determinar.*

Máis información e inscricións como voluntario/a: na OMIX, Centro Multiusos. R/ Peirao, 8 – 36690 Arcade Concello de Soutomaior. Teléfono: 986700822, omix@soutomaior.com